



RESOLUCIÓN R 3/2013 - EXERCICIO DE "ACTIVIDADES PROFESIONAIS" POR PARTE DUNHA ENTIDADE QUE NON É "SOCIEDADE PROFESIONAL"

Pleno:

- D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente
- D. Fernando Cachafeiro García, vocal

En Santiago de Compostela, a 2 de outubro de 2013.

O Consello Galego da Competencia (CGC), coa composición arriba expresada e sendo relator D. Fernando Cachafeiro García, ditou a seguinte Resolución nos Expedientes acumulados S 2/2012, S 3/2012 e S 4/2012 iniciados por acción do CGC con ocasión das denuncias presentadas por "Entidad Integral e Axuda Social" (EIA) fronte aos Ilustres Colexios de Procuradores de Santiago, A Coruña e Pontevedra, por supostas prácticas restritivas da competencia, de conformidade coa Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

1. En data do 2 de febreiro de 2012, a Dirección de Investigación da Comisión Nacional da Competencia (CNC) deu traslado á Subdirección de Investigación do CGC dos expedientes iniciados como consecuencia das denuncias presentadas por "Entidad Integral e Axuda Social" fronte aos Ilustres Colexios de Procuradores de Santiago, A Coruña e Pontevedra, por supostas prácticas restritivas da competencia prohibidas polo art. 1 da LDC. O traslado dos expedientes realizouse no marco do procedemento previsto no art. 2.2. da *Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia*.
2. A denunciante describe, en esencia, as seguintes condutas que considera restritivas da competencia: a) denegación de ingreso a "Entidad Integral e Axuda Social" no colexio profesional; b) indebida utilización das instalacións públicas do colexio; e c) ausencia dun portal electrónico entre as infraestruturas do colexio.
3. En data do 18 de xullo de 2013, a Subdirección de Investigación do CGC adoptou unha proposta de non incoar procedemento sancionador fronte aos tres colexios profesionais denunciados, ao abeiro do disposto nos artigos 49 da LDC e 27 do Regulamento de defensa da competencia (RDC).



4. En data do 19 de setembro de 2013, o Pleno do Consello Galego da Competencia adoptou o acordo de acumular os expedientes sancionadores S 2/2012, S 3/2012 e S 4/2012 incoados pola Subdirección de Investigación, ao apreciar identidade substancial entre estes.
5. O Pleno de Consello Galego da Competencia deliberou sobre este asunto na súa reunión do 27 de setembro de 2013.
6. Son interesados, no presente expediente, os seguintes:
 - Entidade Integral e Axuda Social (EIA)
 - Ilustre Colexio de Procuradores de Santiago
 - Ilustre Colexio de Procuradores da Coruña
 - Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra
 - Comisión Nacional da Competencia

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Obxecto da resolución

7. O expediente ten por obxecto principal analizar se a denegación de colexiación a "Entidad Integral e Axuda Social" por parte dos colexios de procuradores de Santiago, A Coruña e Pontevedra, pode constituír unha decisión ou recomendación colectiva prohibida polo artigo 1 da LDC. Así mesmo, tamén é obxecto de exame se a utilización das instalacións públicas que realizan os colexios denunciados pode infrinxir o mencionado precepto. Finalmente, no expediente haberá de valorarse se a ausencia dun portal electrónico entre as infraestruturas dos colexios denunciados vulnera o art. 1 da LDC.
8. A denunciante no presente expediente formulou anteriormente denuncia contra o Ilustre Colexio de Procuradores de Bizkaia por idénticos feitos, a cal foi arquivada pola Autoridade Vasca da Competencia o 19 de decembro de 2012 (Expte. 4/2012).



Segundo: Sobre a denegación de colexiación

9. O art. 49.3 de la LDC dispón que as autoridades de competencia, por proposta do órgano instructor, poderán acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 desta Lei e o arquivo das actuacións cando consideren que *"no hai indicios de infracción da lei"*. Para tales efectos, o órgano instructor -no noso caso, a Subdirección de Investigación- deberá dar traslado previamente da denuncia recibida, das actuacións previas practicadas, no seu caso, e dunha proposta de arquivo ao órgano encargado de resolver, o Pleno do Consello Galego da Competencia.
10. A denunciante solicitou a alta no Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela mediante fax do 20 de decembro de 2011, solicitude que foi denegada por idéntico medio en data do 19 de xaneiro de 2012. O colexio de Pontevedra denegou igualmente a solicitude en data do 23 de xaneiro de 2012. Non consta no expediente se o colexio da Coruña denegou, en efecto, a colexiación á denunciante. O rexeitamento da solicitude obedece -fundamentalmente- a que a denunciante non reúne as condicións que esixe o art. 2.6 de a *Lei 2/1974, de colexios profesionais (LCP)*, en relación co art. 1.1 de a *Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais (LSP)*.
11. O argumento debe acollerse toda vez que a lexislación colexial remite á lexislación sobre sociedades profesionais no relativo ao exercicio de actividades profesionais por parte de persoas xurídicas, ao tempo que esta segunda norma esixe a forma xurídica de *"sociedade profesional"* para o exercicio dunha *"actividade profesional"* por parte dunha persoa xurídica. Non e posible, polo tanto, que o profesional persoa xurídica adopte unha forma xurídica distinta da sociedade profesional. Recórdese, neste sentido, que o art. 2.6 da LCP dispón que *"o exercicio profesional en forma societaria rexérase polo previsto nas leis"*. Pola súa banda, o tenor literal do art. 1.1 da LSP é o seguinte: *"as sociedades que teñan por obxecto social o exercicio en común dunha actividade profesional deberán constituírse como sociedades profesionais nos termos da presente Lei. Para os efectos desta Lei, é actividade profesional aquela para cuxo desempeño requírese titulación universitaria oficial, ou titulación profesional para cuxo exercicio sexa necesario acreditar unha titulación universitaria oficial, e inscrición no correspondente Colexio Profesional (...) enténdese que hai exercicio en común dunha actividade profesional cando os actos propios desta sexan executados directamente baixo a razón ou denominación social e lle sexan atribuídos á sociedade os dereitos e obrigas inherentes ao exercicio da actividade profesional como titular da relación xurídica establecida co cliente"*.



12. Posto que a denegación de colexiación por parte dos colexios resulta da aplicación da lexislación vixente, esta está exenta da aplicación da LDC por imperativo do seu art. 4.

Terceiro: Sobre as outras condutas denunciadas

13. Como é coñecido sobradamente, os colexios profesionais teñen a dobre misión de defender os intereses dos colexiados, dun lado, e dos usuarios dos servizos profesionais, doutro. Por esta razón, nada impide que os colexios dediquen parte dos seus recursos -incluídos as instalacións do colexio- para actividades relacionadas coa promoción e defensa dos intereses dos seus colexiados e que os propios profesionais colexiados se beneficien dos servizos prestados polo colexio.
14. Respecto da ausencia dunha xanela electrónica, a devandita carencia podería en todo caso supoñer un incumprimento da lexislación sectorial, respecto da cal non corresponde pronunciarse o Consello Galego da Competencia.

En consecuencia, o Consello Galego da Competencia coa composición recollida ao principio, vistos os preceptos citados e os demais de xeneral aplicación,

ACORDA

ÚNICO: Non incoar expediente sancionador e, conseguintemente, archivar as actuacións iniciadas en virtude da denuncia presentada pola asociación “Entidade Integral e Axuda Social” (EIA) fronte aos Ilustres Colexios de Procuradores de Santiago, A Coruña e Pontevedra por considerar que non existen indicios de infracción da Lei de defensa da competencia.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación do CGC e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a súa notificación.